

Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións**

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE REALIZACIÓN DO 1.º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO QUE SE CONVOCOU PARA CUBRIR 1 PRAZA VACANTE DE PERSOAL LABORAL FIXO DENOMINADA LIMPADOR/A

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-3580, con data de 24/09/2025, pola que aprobou a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo do Concello de Redondela denominada Limpador/a e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2023, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, no BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, no núm.: 25, do 08/02/2021 e no núm.: 152, do 10/08/2022.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo denominada LIMPADOR/A, a tempo completo, equiparada a outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación da función pública (Disposición adicional 6.ª do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), categoría operario/a, incluída na oferta de emprego público para o ano 2023, mediante o sistema de oposición libre, publicáronse no BOPPO núm.: 205, do 21/10/2024.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 15/11/2024 e rematou o día 13/12/2024.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-0508, con data de 13/02/2025, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de Limpador/a (Persoal laboral fixo), mediante o sistema de oposición libre, que se publicou no BOPPO núm.: 36, do 21/02/2025.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: OXAH5YKQJMHZEAYX



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

O día 07/03/2025 finalizou o prazo establecido de 10 días para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.

Tras non presentarse alegacións contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo deste concello, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de LIMPADOR/A (Persoal Laboral Fixo), polo sistema de oposición libre.

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de LIMPADOR/A (Persoal Laboral Fixo), polo sistema de oposición libre, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- Titular: Ángel Abalde Boullosa, operario de Limpeza Viaria do Concello de Redondela.
- Suplente: José Luís Santos González, operario de Limpeza Viaria do Concello de Redondela.

SECRETARIA:

- Titular: Olalla Casanova Fernández, coordinadora do departamento de Novas Tecnoloxías do Concello de Redondela.
- Suplente: María Jesús Alonso Comesaña, operaria de Limpeza Viaria do Concello de Redondela.

VOGAIS:

- Titular: María del Carmen Martínez Abraldes, xefa da Sección de Residuos da Deputación da Pontevedra.
- Suplente: Estefanía Alfonsín Moraña, técnica de xestión de residuos do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Roberto Martínez Padín, xefe da sección de mantemento do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Antonio Giráldez da Cruz, enxeñeiro técnico industrial do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Sonia María Cacabelos Cobas, oficiala de servizos xerais e subalternos do Museo de Pontevedra.
- Suplente: David Mayán Garrido, operario de servizos do Centro Príncipe Felipe.



Luns, 29 de setembro de 2025

Núm. 185

TERCEIRO: A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 24/10/2025

HORA: 10:00

LUGAR: Telemática.

CUARTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do 1º exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 28/10/2025

HORA: 11:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO: Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: OXAH5YKQJMHZEAYX

